

ANEXO I

**Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico
fronte aos efectos derivados da covid-19**

PROCEDEMENTO

Fondo de proxectos culturais en lingua galega Xacobeo 2021 (Fondo X21)

DOCUMENTO

SOLICITUDE

Os campos marcados con * son obrigatorios, de non cubrilos, entenderase que este anexo non cumpre os requisitos mínimos e a solicitude será excluída

1.- MODALIDADES DO PROXECTO

a) Modalidades ás que presenta o proxecto*

De incluír a combinación de varios formatos, marcaranse as modalidades dos distintos formatos que se combinen.

- Modalidade I. Proxecto dixital orixinal e inédito**
Creacións culturais e/ou artísticas orixinais e inéditas en formato dixital que non fosen exhibidas anteriormente noutras plataformas dixitais.
- Modalidade II. Proxecto presencial**
Creacións culturais ou artísticas en formato presencial que poderán ser orixinais e inéditas ou non, así como a prestación doutros servizos de deseño, produción, montaxe e realización de actividades ou eventos culturais en lingua galega (pezas musicais, artes escénicas, espectáculos mixtos, contacontos, obradoiros, xornadas, exposicións temáticas, ou a elaboración de murais e outras obras artísticas de carácter material) que sirvan para a súa representación ou exhibición de forma gratuíta en espazos abertos ou pechados, públicos ou privados de Galicia como forma de atraer o público destinatario.
- Modalidade III. Proxecto material**
Bens e produtos orixinais e inéditos ou non en forma de libros, audiolibros, xogos, fotografías, pinturas, produtos de mercadotecnia e/ou calquera outra representación material que incorpore a lingua galega en forma de comentarios, viñetas ou explicacións en galego.

b) Modalidade con maior peso orzamentario resposta única das marcadas anteriormente.*

- Modalidade I. Proxectos dixitais orixinais e inéditos
- Modalidade II. Proxectos presenciais
- Modalidade III. Proxectos materiais

2.a.- Datos da persoa solicitante

Nome Apelidos/ Razón social*:

NIF*:

Concello

Provincia

2.b.- Datos do representante (no caso de actuar en representación):

Nome Apelidos/ Razón social:

NIF:

De ser o caso, motivo da representación da persoa física:

c) Datos para os efectos de notificación*

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal (<https://notifica.xunta.gal>).

Poderase acceder á notificación co certificado electrónico ou cun usuario e clave no servizo Chave 365 asociados ao NIF da persoa indicada.

Enviaranse avisos do envío da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación:

Persoa solicitante

Representante

Teléfono móbil*:

Correo electrónico*:

3.- INFORMACIÓN DO PROXECTO

Título*:

Máximo 80 caracteres

Breve descrición do proxecto*:

Máximo 500 caracteres (a persoa interesada incluírá un resumo, sinopse ou descrición do proxecto)

4.- MEMORIA TÉCNICA E DESCRIPTIVA

Elaborarase como documento independente e presentarase como “**documentación complementaria**” mediante un **documento en formato PDF reutilizable** (non se admitirán arquivos PDF cubertos a man, escaneados ou cubertos no ordenador con sinatura manuscrita e escaneados) e cun máximo de 3 páxinas din A4.

Modelo para a memoria técnica e descritiva:

1 Título: memoria técnica e descritiva do proxecto.

2 Identificación da modalidade: será algunha das previstas nas bases e, no caso de combinar varios formatos, clasificarase na que teña maior peso económico.

3 Requisitos mínimos da memoria:

- Definición da traxectoria profesional ou empresarial da persoa interesada.
- Contextualización do proxecto para o cumprimento dos obxectivos desta convocatoria nos seus diferentes ámbitos de actuación e a súa viabilidade para dinamizar o uso da lingua galega.
- Descrición do obxecto do proxecto e das condicións e necesidades técnicas para a súa execución.
- Calquera outra información que poida axudar a unha correcta valoración do proxecto.

Para os **proxectos presenciais da modalidade II** é **OBRIGATORIO** definir unha **opción de execución alternativa** en previsión de eventuais limitacións de mobilidade ou restricións de capacidade derivados da covid-19. Así pois, nesta modalidade é obrigatorio presentar **dúas memorias técnicas e descritivas** de acordo co modelo anterior. Para a execución do contrato terá **preferencia a primeira opción de execución**, agás que no momento da sinatura do contrato ou durante a súa execución estean vixentes medidas excepcionais derivadas da pandemia covid-19.

A ausencia formal do documento que contén a memoria técnica descritiva ou sen os requisitos mínimos para a súa valoración será causa de exclusión da solicitude antes da fase de valoración das propostas sen máis trámites.

5.- ORZAMENTO

Elaborarase como documento independente e presentarase como “**documentación complementaria**” mediante un documento en formato PDF reutilizable (non se admitirán arquivos PDF cubertos a man, escaneados ou cubertos no ordenador con sinatura manuscrita e escaneados) e cun máximo de 1 páxina din A4 de acordo co seguinte modelo:

Para os proxectos **presenciais da modalidade II** por circunstancias da covid-19 achegarase un orzamento desagregado para cada opción de execución.

Modelo para o orzamento:

No orzamento desagregado, a persoa interesada xustificará todos os custos de produción e de execución do proxecto de acordo co previsto na liña a) do apartado 1.3.3) da base 8ª da resolución da convocatoria.

Para a cuantificación económica dos custos de produción e execución do proxecto no orzamento identificaranse en partidas independentes os seguintes importes:

- a) O importe da **base imponible** do orzamento sen IVE.
- b) O importe do **IVE** e o tipo porcentual aplicable (%) e, de ser o caso, a exención do IVE e a referencia normativa que habilita a exención.
- c) O importe total do proxecto orzado que é a **SUMA DA BASE IMPOÑIBLE + IVE** e que non poderá superar, segundo os casos, as contías máximas previstas no apartado 1) da base 11ª desta resolución (**6.000 € ou 15.000 €**).
- d) De ser o caso, o importe da **retención do IRPF** ao tipo porcentual (%) que corresponda que se aplica sobre a base imponible do orzamento sen IVE.
- e) O **importe líquido** a percibir que é o importe total do orzamento + IVE - o importe retido.

Nos proxectos **presenciais da modalidade II**, en previsión de limitacións ou restricións excepcionais derivadas da pandemia da covid-19 que impidan a correcta execución do contrato consonte a proposta principal, o orzamento que presente a persoa licitadora para a súa execución incluírá a correspondente cuantificación da **opción alternativa** e dos seus custos de produción e execución para garantir, en ambos os dous casos, o desenvolvemento do proxecto que, de ser o caso, resulte seleccionado.

A solución alternativa para a execución do proxecto en circunstancias excepcionais terá un custo similar á primeira opción de execución e será avaliada pola comisión de valoración. Neste caso, tamén se consignarán como partidas diferenciadas o importe da base imponible sen IVE, o IVE correspondente, o orzamento total do proxecto (base imponible + IVE), así como, de ser o caso, o importe retido, e o importe líquido que hai que percibir.

A ausencia formal do documento que contén o orzamento desagregado ou sen os requisitos mínimos para a súa valoración será causa de exclusión da solicitude antes da fase de valoración das propostas sen máis trámites.

DATOS DE RESUMO DO ORZAMENTO DO PROXECTO:

Importe total do proxecto orzado (suma da base imponible + IVE)*:



6.- OPOSICIÓN EXPRESA Á CONSULTA DE DATOS

De acordo co disposto no parágrafo 2 do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, manifesto expresamente a miña oposición a que os datos que constan en poder das administracións públicas e os que se me requiran no seo deste procedemento sexan consultados directamente pola Administración contratante e, polo tanto, comprométome a achegar, antes de formalizar o expediente de contratación, de ser o caso, a documentación que me requiran relativa a:

- ⤴ Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- ⤴ Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social
- ⤴ Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa comunidade autónoma, emitido pola Axencia Tributaria de Galicia (Atriga)

7.- INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou organismo ao que se dirixe esta solicitude
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida na páxina: https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas, no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e a resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e mais información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

Sinatura dixital da persoa solicitante ou representante *

Lugar e data

, de de

SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE